



MEMORIA DE CALIDADE

Escola Universitaria de Traballo Social
Curso Académico: 2023/2024

Control de elaboración e aprobación

Unidade/Órgano	Data entrega ou aprobación
Comisión de Calidade da EUTS – Elaboración	26/05/2025
Informe técnico provisional da SCVTI – Revisión Facultativa	22/09/2025
Comisión de Calidade da EUTS – Revisión	29/10/2025
Informe técnico definitivo da SCVTI	
Xunta de Centro da EUTS	30/10/2025
Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno	

Índice

1. Introducción.....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	15
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	22
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	28
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	32
Directriz 6. Información pública.....	36
3. Plan de Melloras do centro.....	38
4. Modificacións nos diferentes títulos	46
5. Listaxe de evidencias e indicadores	48

1. Introducción

1.1. Presentación da Memoria de Calidade.

O Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro (en adiante SGIC) establece, entre outras, que unha das principais funcións da Comisión de Calidade de Centro é a elaboración da Memoria de Calidade do Centro, que englobará distintos informes e memorias como:

- ✓ Informe de resultado do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte
- ✓ Informe de seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora

A presente memoria recolle a análise reflexiva do curso 2023-2024 realizada pola Comisión de Calidade de Centro (CCC), a partir da información recollida nos informes indicados, no Informe de seguimento do título impartido, así como polas evidencias aportadas pola Coordinación de título e baixo a dirección da Responsable de Calidade de Centro.

1.2. A Escola Universitaria de Traballo Social.

- *Orixe e estrutura orgánica do Centro.*

A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, declarada de interese galego e de interese docente pola Xunta de Galicia, ostente a titularidade xurídica da Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS) desde o ano 1999.

A EUTS ten a condición de centro adscrito á USC desde o ano 1983, e imparte o título de Grao en Traballo Social desde o curso 2010-2011.

Os órganos colexiados do centro vinculados ao desenvolvemento do SGIC son a Comisión de Calidade de Centro (CCC) e a Comisión de Título (CT). A composición de cada unha das Comisións é a seguinte:

Comisión de Calidade de Centro:

- Director/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a de Título
- Representante do persoal de administración e servizos
- Alumno/a titor/a
- Dous representantes do profesorado

Comisión de Título:

- Director/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a de Título
- Representante do persoal de administración e servizos
- Representante do alumnado
- Catro representantes do profesorado (coordinador/a de Practicum e tres coordinadores de curso)

A Comisión de Título analizou a información para a elaboración da Memoria de Calidade, e do seu resultado derivan as propostas de mellora elaboradas pola Comisión de Calidade do Centro. O documento provisorio da Memoria de Calidade terá a condición de definitivo tras a súa aprobación pola Xunta de Centro, unha vez recibido o informe técnico favorable desde o SCVTI, e a aprobación pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno.

A documentación utilizada para a elaboración da Memoria foi:

- [Manual do SGIC](#)
- [Memoria do título de Grao en Trabajo Social](#)
- [Plan estratéxico do centro](#)
- Actas da Xunta de Centro, Comisión de Calidade de Centro e Comisión de Título
- [Memorias de actividades da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales](#)
- [Autoinforme de seguimento do curso 2023-2024](#)
- Informe de Coordinación do curso 2023-2024
- Informe técnico da SCVTI do curso 2022-2023
- Documentación e datos aportados pola SCVTI
- Documentación e datos aportados polas enquisas propias realizadas na EUTS

- *Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos.*

No curso 2023-2024 a EUTS imparte a titulación de Grao en Trabajo Social

Grao en Trabajo Social – 4 cursos académicos – 240 ECTS

Data de acreditación ex ante (verificación): 30/06/2010

Curso de implantación: 2010-2011

Data de renovación da acreditación polo Consello de Universidades: 18/01/2023

Modalidade de impartición: presencial

Matrícula total alumnado curso 23-24: 306

1.3. Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno.

O Sistema de Garantía Interna de Calidade de Centro da EUTS obtivo informe positivo da ACSUG con data 15 de decembro de 2011, certificado nº 15/11. A particularización do SGC da USC ás características da EUTS como centro adscrito á Univerdidad, foi avaliada conforme as directrices establecidas na documentación vixente do programa FIDES-AUDIT para o deseño e desenvolvemento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade da formación universitaria por parte da ACSUG.

No curso 2021-2022 tivo lugar a **segunda avaliación para a acreditación** do Grao en Trabajo Social da EUTS recibindo informe favorable da ACSUG con data 21 de novembro de 2021 e Resolución do *Consejo de Universidades* con data 18 de xaneiro de 2023, pola que **se renova a acreditación do título** universitario oficial de Graduado ou Graduada en Trabajo Social pola Universidade de Santiago de Compostela

- *Documentación de referencia do SGIC e Regulamentación interna.*

A documentación de referencia do SGIC da EUTS é a contida nos manuais de calidade e procesos de centro, que se pode resumir nos seguintes epígrafes:

- Convenio de adscrición á USC
- [Estatutos da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales](#)
- [Estatutos da USC](#)
- [Memoria do Grao en Trabajo Social](#)
- Regulamentos xerais (ANECA e ACSUG), relativos á configuración e desenvolvemento das titulacións e a súa avaliación
- Documentación de carácter xeral estatal, autonómica e propia da USC
- [Normativa e documentación propia do SGIC da EUTS](#)

- *Estrutura organizativa do SIGC. Desenvolvemento e cambios.*

A estrutura organizativa para o desenvolvemento do SGIC na EUTS contempla os seguintes órganos:

Unipersoais:

- Director/a de centro
- Secretaria/o de centro
- Responsable de Calidade de Centro
- Coordinador/a de Título
- Coordinadores/as de curso
- Xerente da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales

Colexiados:

- Equipo de dirección
- Comisión de Calidade de Centro
- Comisión de Título de Grao en Trabajo Social
- Comité Consultivo

- *Memoria de Calidade do Centro (MCC): Procedemento de elaboración, órganos competentes e persoal participante.*

Do resultado da análise realizada pola Comisión de Título para a elaboración da memoria de calidade, derivan as propostas de mellora que son elaboradas pola Comisión de Calidade de Centro, que avalía as propostas de mellora en marcha e deseña as novas propostas que se consideran procedentes e o plan de melloras.

A elaboración da proposta da Memoria de Calidade, correspóndelle á Comisión de Calidade de Centro, dirixida pola Responsable de Calidade. Para a elaboración da memoria, a Responsable de Calidade distribúe equitativamente a elaboración dos distintos puntos entre as persoas que conforman a Comisión. O traballo ponse en común e débatese nas diferentes reunións que se programan para tal fin da Comisión de Calidade de Centro, que no curso 2023-2024 estivo composta por:

- Teresa Facal Fondo – Directora de Centro e Presidenta da Comisión
- M^a Jesús Castro Neo – Responsable de Calidade de Centro e Secretaria da Comisión
- Ana Isabel Souto Gómez – Coordinadora de Título
- Xoán Carlos Bascuas Jardón – Coordinador de 1º curso
- M^a Elena Puñal Romarís – Coordinadora de Practicum
- Alexandre Castiñeiras Rodríguez – Alumno titor (no 1º cuatrimestre do curso)
- Rut Sanjuán Dorrio – Alumna titora en substitución do Alexandre, a partires de decembro de 2023)
- M^a Dolores Bao Varela – Representante persoal administración e servizos

A documentación utilizada para a elaboración da Memoria de Calidade foi:

- [Manual do SGIC](#)
- [Memoria de Título de Grao en Trabajo Social](#)
- [Plan estratéxico do centro](#)
- Actas de Xunta de Centro, Comisión de Calidade, e Comisión de Título
- [Memorias de actividades da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales](#)
- [Autoinforme de seguimento do curso 2023-2024](#)
- Informe de coordinación do curso 2023-2024
- Informe técnico da SCVTI sobre a memoria de calidade do curso 2022-2023
- Documentación aportada pola SCVTI da USC
- Documentación das enquisas de elaboración propia da EUTS

- *Información pública da Memoria e do SIGC/SGC.*

Unha vez aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, a Memoria de Calidade anual publícase na web propia da EUTS con acceso aberto ao público en xeral, a través do apartado adicado ao [Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro](#).

1.4. Plan Estratéxico do Centro (PEC)

- *Presentación do PEC vixencia: obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, proceso de elaboración e participación e participantes (grupos de interese).*

Dentro do compromiso do Centro coa calidade, e seguindo o establecido no SGIC, a Comisión de Calidade do Centro elabora o Plan Estratéxico da EUTS 2018-2020 (PEC18), ao abeiro e en consonancia co Plan Estratéxico da USC vixente nese momento, co obxectivo de establecer as prioridades do Centro definidas a través das liñas estratéxicas, as metas a alcanzar e establecer o procedemento para que esas decisións se transformen en accións que redunden en beneficio da titulación e dos seus grupos de interese.

O eixo do PEC18 xira en torno aos **4 ámbitos** indicados na Plan estratéxico da USC: as persoas, a actividade universitaria, a xestión institucional, e a relación co contorno, coa definición de **6 liñas estratéxicas**:

- Ámbito das persoas (liña estratéxica 1: desenvolvemento da formación do estudantado)
- Ámbito da actividade universitaria (liña estratéxica 2: posta en valor da excelencia docente, e liña estratéxica 3: unha titulación para a sociedade)
- Ámbito da xestión institucional (liña estratéxica 4: oferta académica vinculada á demanda social e liña estratéxica 5: procura de apoios ao alumnado)
- Ámbito da relación coa contorna (liña estratéxica 6: compromiso e implicación cos axentes externos)

A Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou, o 22 de febreiro de 2018 o Plan Estratéxico da EUTS 2018-2020 (PEC18).

O Plan Estratéxico vixente está a disposición do público en xeral, a través da web propia do centro.

O Consello de Goberno aprobou, o 25 de xuño de 2024, o Plan Estratéxico da USC para o período 2024-2026. A partir deste momento, os Centros deberán elaborar a súa planificación estratéxica en concordancia co establecido no Plan da USC.

A EUTS levará a cabo a elaboración do Plan Estratéxico do Centro no 1º cuadrimestre do curso 2024-2025 que virá a substituír ao Plan Estratéxico 2018-2020 que se prorroga ata a entrada en vigor do novo PEC. A elaboración do novo PEC corresponde á Comisión de Calidade de Centro na que están representados profesorado, estudantado e PTXAS.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

DIRECTRIZ 1. POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. Política de Calidade, Vixencia.

O SGIC implantado no Centro permite a recollida de información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisións de mellora que se refliciten nos plans e accións de mellora. O Centro ten implementados os mecanismos necesarios para levar a cabo estes procesos que maioritariamente se desenvolven a través dos Órganos Colexiados que son a Comisión de Título, a Comisión de Calidade e a Xunta de Centro.

A EUTS elabora, por curso académico, informes sobre a evolución do mesmo destacando o Informe de Coordinación do Título, elaborado pola Coordinadora de Título, que recolle a actividade académica levada a cabo nun curso concreto, e ao que se incorporan os informes emitidos polas coordinadoras de Practicum, de TFG, e dos programas de mobilidade (nacional e internacional)

Por cada ano natural, elaborase a Memoria de Actividades da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais que recolle tanto a actividade académica como económica levada a cabo pola Fundación.

A vixencia da Política de Calidade queda acreditada coa consecución das accións de mellora propostas para o curso obxecto de análise, que se avalían no apartado correspondente desta memoria.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC). Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro.

Trala aprobación polo Consello de Goberno do Plan Estratéxico (PE) da USC para o período 2024-2026, a EUTS ten programado, para o primeiro cuadrimestre do curso 2024-2025, a elaboración da súa nova planificación estratéxica partindo do PE da USC. Ata dispoñer do novo PEC, está prorrogado o PEC18 do que se presenta a avaliación do seu cumprimento

LIÑA 1: Desenvolvemento da formación do estudiantado

Obxectivo	Accións	Estado
Potenciar a formación académica e postacadémica do Grao en Trabajo Social como titulación de referencia do Sistema Público de Servizos Sociais	Adoptar medidas para incorporar novos convenios para o alumnado en programas de mobilidade (preferentemente de fala inglesa)	Parcialmente executado
	Modificación da MVT en relación aos grupos de titorías presenciais	Executado
	Propoñer formación de especialización liderada polo Centro	Executado
Aumentar a participación do alumnado na dinámica do Centro	Facilitar medios e tempo para que o alumnado participe nas enquisas de satisfacción	Executado
	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e utilidade do SGIC	Executada
	Comunicación ao profesorado para motivar a participación do alumnado nas enquisas	Executado
	Difusión dos períodos das enquisas en diferentes canles	Executado

LINA 2: Posta en valor da excelencia docente

Obxectivo	Accións	Estado
Potenciar a formación continua do profesorado	Xestión convenio coa USC para acceder aos seus programas formativos en igualdade de condicións que o PDI propio	Parcialmente executada

	Promoción da participación do profesorado en cursos organizados/liderados polo Centro ou por outras institucións	Executado
Potenciar a actividade investigadora do profesorado	Concesión de días libres en período lectivo ao profesorado, para a asistencia/participación en curso, congresos, etc	Executado
	Apoio económico para a presentación de comunicacións e/ou posters en cursos e/ou congresos	Executado
Aumentar a implicación dos/as docentes e PAS no SGIC	Envío do MINISGIC e solicitude de suxestións ao profesorado e PAS	Non executada
	Difusión dos períodos das enquisas de satisfacción a docentes e PAS	Executado
LIÑA 3: Unha titulación para a sociedade		
Obxectivo	Accións	Estado
Axustar a diversidade da oferta académica da optatividade á demanda social	Revisar anualmente a oferta a incluír no PDA como materias optativas	Executado
Reforzar a participación do alumnado nas actividades ofertadas pola USC	Difundir a oferta do voluntariado da USC especialmente en actividades do ámbito social	Executado
LIÑA 4: Oferta académica vinculada á demanda social		
Obxectivo	Accións	Estado
Mellorar a oferta de convenios de practicum	Xestión das propostas de convenios recibidas de diferentes entidades	Executado
	Xestión propostas de convenios a iniciativa do alumnado	Executado

	Xestión das propostas de convenios a iniciativa do Centro	Executado
Reforzar a formación do alumnado nas aplicacións informáticas vinculadas ao eido social sanitario	Actualización e ampliación dos convenios asinados coa Xunta de Galicia	Non executada
LIÑA 5: Procura de apoios ao alumnado		
Obxectivo	Accións	Estado
Facilitar ao alumnado financiamento dos estudos no Centro	Establecer mecanismos de facilidades de pago no Centro	Executado
	Xestión con entidades bancarias sobre diferentes formas de financiamento dos estudos	Executado
	Ofertar axudas económicas propias para o financiamento da inscrición no Centro	Executado
LIÑA 6: Compromiso e implicación cos axentes sociais		
Obxectivo	Accións	Estado
Mellorar as relacións cos grupos de interese da titulación	Constitución dun Comité Consultivo formado por representantes de grupos de interese externo	Executado
Maior divulgación externa do Centro	Creación dun espazo na web do Centro para persoas egresadas	Executado
	Potencias na web propia, en destacados, a "solicitude de visita para coñecer o Centro"	Executado
	Publicidade da titulación de Traballo Social da EUTS	Executado
	Participación en eventos informativos sobre os estudos universitarios, en centros de	Executado

	ensino medio	
	Celebración charlas sobre Grao en Traballo Social do Centro	Executado
Visibilización da vinculación e a relación entre o ámbito académico e o profesional/laboral	Difusión en medios de comunicación das xornadas formativas organizadas polo Centro ou en colaboración con outras entidades	Parcialmente executada
	Difusión dos períodos de enquisas de satisfacción aos grupos de interese externos ao Centro	Executado
	Realizar sondaxes a través dunha pequena enquisa telefónica ás persoas egresadas sobre a inserción laboral	Executado
	Realizar actividades divulgativas en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia	Executada

A maioría das accións previstas para alcanzar os obxectivos incluídos no PEC18 foron realizadas de xeito satisfactorio, quedando pendente de executar fundamentalmente aquelas que precisan da colaboración doutras entidades externas ao Centro. Aquelas pendentes de execución serán valoradas na elaboración do novo PEC.

1.3. Obxectivos de calidade.- Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.

Os principais obxectivos de calidade do centro son os propostos no PEC18, por cada liña estratéxica definida polo PE da USC.

Dos 13 obxectivos propostos, en 12 deles alcanzouse un grado alto o moi alto de execución das accións previstas. O único obxectivo non alcanzado é en relación a non ter ampliado os convenios asinados coa Xunta de Galicia para a formación do alumnado en aplicacións informáticas vinculadas ao eido social-sanitario

Con respecto ao resto dos obxectivos, en 8 foron executadas todas as accións previstas, en 3 dos obxectivos alcanzouse a realizar entre o 67 e o 75% das accións previstas. As accións non executadas, maioritariamente non se poideron levar a cabo por causas alleas ao Centro ao implicar a outras entidades.

As **accións** non executadas ou executadas parcialmente foron as seguintes:

- *Adoptar mediadas para incorporar novos convenios para o alumnado en programas de mobilidade (preferentemente de fala inglesa):* A situación producida polo BREXIT bloqueou as negociacións para

establecer convenios con Universidades británicas ao quedar fora do programa ERASMUS. Contactouse coas Unversidades de Cardiff, Univeridade Nacional de Irlanda, Colexio Universitario de Cork de Irlanda, Universidad de Leeds, Universidade de Birmingham sen formalizar ningún convenio. A escasa docencia en inglés en Universidades do resto de Europa, no ámbito do traballo social (só Malta) impediu conseguir este obxectivo. Non obstante, conseguíronse executar as outras dúas accións relacionadas con este obxectivo polo que se considera **parcialmente executado**

- *Xestión dun convenio coa USC para acceder aos seus programas formativos en igualdade de condición que o PDI propio.* Tras diversas xestións, a USC comunica que lle dará acceso ao noso profesorado aos cursos programados, previa solicitude e prazas libres, e por tanto desiste da xestión do convenio. Aínda que o obxectivo en si non se alcanzou si o fixo o propósito de ter acceso a estos programas polo que se considera **parcialmente executado**
- *Envío do MINISGIC e solicitude de suxestións ao profesorado e PAS.* Esta acción **executouse parcialmente** pois si ben non se poido completar a elaboración do MINISGIC, si se contactou co persoal para recibir suxestións.
- *Difusión en medios de comunicación das xornadas formativas organizadas polo Centro ou en colaboración con outras entidades.* Fíxose difusión a través das redes sociais de entidades colaboradoras de diversas actividades formativas organizadas polo Centro. A extensión do uso das tecnoloxías dixitais, como principais medios de comunicacións do estudantado e da difusión da información por parte das entidades colaboradora unido a inmediatez que esto permite na divulgación fixo que decaerá o uso de medios de comunicación tradicionais, polo que se considera **parcialmente executada**

1.4. Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC).

Na memoria de calidade 2022-2023 presentouse o **plan de melloras para o curso 2023-2024**. A súa análise faise no apartado correspondente.

As accións propostas presentanse na seguinte táboa

Acción de mellora	Responsable	Obxectivos	Accións	Estado
AM 1- Fortalecer a capacidade investigadora do profesorado	Dirección do Centro	-Participar nalgún proxecto de investigación -Presentar, alomenos, unha comunicación/poster de cada docente a tempo completo en Congresos relacionados coa disciplina	-Formación dun equipo de docentes que participe nalgún proxecto de investigación. -Presentación de comunicacións/poster en Congresos relacionados co disciplina	Ambas finalizadas
AM 2 – Organizar unha xornada coa participación de entidades colaboradoras do Practicum e alumnado de 4º curso en	Dirección de Centro Coordinadora de Título Coordinadora de Practicum	-Visibilizar a vinculación e relación entre o ámbito académico e o profesional/laboral.	-Creación dun espazo de encontro entre o mundo académico e o profesional a través dunha Feira relacionada co Traballo Social	Finalizada

prácticas para achegar o mundo profesional ao estudiantado				
AM 3- Continuar coa incorporación de docentes a tempo completo ata unha adaptación correcta á normativa	Dirección de Centro	-Acadar a ratio de alumnado por docente a tempo completo, indicado na normativa	-Ampliación a xornada completa dunha docente contratada a tempo parcial	Finalizada
AM 4- Administrar a enquisa elaborada para coñecer as causas da baixa participación do alumnado en programas de mobilidade internacional, dirixida ao alumnado de 4º curso	Coordinador de mobilidade internacional	-Coñecer as causas da reducida participación do alumnado nos programas de mobilidade internacional	.Administración da enquisa e análise dos datos obtidos	Finalizada

1.5. Coordinación titulacións interuniversitarias e inter-centros.

Non aplica neste curso

1.6. Sistema SIGC/SGC.

Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

O SGIC pode describirse como a atención sistemática, organizada e continúa á calidade en termos do seu mantemento e mellora. Neste sentido, a EUTS ven utilizando todos os mecanismos establecidos no Sistema, que permiten detectar necesidades, o análise dos datos recollidos sobre o funcionamento do centro e da súa titulación, e propoñer as accións de mellora e/ou medidas correctoras precisas para garantir o cumprimento dos compromisos propostos. Conscientes de que é necesario abordar, xunto ao persoal da SCVTI, unha actualización do manual do SGIC, o feito de ir adaptando os procesos e procedementos previstos ás indicacións e propostas realizadas desde a USC fai que Sistema do Centro considere suficiente para poder poñer os medios necesarios que aseguren e demostren esa calidade. Todas as accións de mellora propostas para o curso 2023-2024 finalizáronse no período previsto.

A adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGIC na EUTS queda avalada polo resultados que se veñen obtendo desde o inicio do Grao. Un curso máis, da análise dos datos recollidos, tanto desde a SCVTI como a través dos procesos e procedementos propios do Centro, a Titulación de Grao en Traballo Social da EUTS obtén resultados que están maioritariamente por riba dos valores acadados tanto na Área de Coñecemento como da Media da USC, e significativamente por debaixo da media de ambas nas taxas de abandono.

Código	Nome	Media Área Ciencias Sociais e Xurídicas	Media USC	Valor Grao en Traballo Social
IN34G	Taxa de rendemento	81,31	81,65	86,88
IN35G	Taxa de éxito	87,63	88,09	91,13
IN36G	Taxa de avaliación	92,79	92,69	95,33
IN37G	Taxa de graduación	61,69	60,57	83,33
IN38G	Duración media dos estudos	4,59	4,80	4,13
IN40G	Taxa de abandono durante o primeiro curso	20,47	17,52	16,92
IN41G	Taxa de abandono RD 1393/2007	21,75	20,13	9,09

O traballo realizado para concienciar aos distintos grupos de interese, da importancia da súa implicación nos procesos de calidade, como mecanismos válidos para o análise e desenvolvemento do título, dan como resultado unha altísima participación de todos os colectivos nas enquisas de satisfacción. Esta alta participación garante a validez dos datos a analizar o que fai máis realista o seu estudo, e aumenta o éxito das accións e plans de mellora que se propoñen.

1.7. Análise da satisfacción.

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A EUTS conta con mecanismos propios de recollida de información como:

- A enquisa anual que se realiza ao estudantado de novo ingreso sobre as canles de coñecemento dos estudos.
- A enquisa anual aos egresados dos dous últimos cursos, para recoller información sobre inserción laboral e continuación de estudos.
- A avaliación que fai o estudantado de Practicum das titoras académicas.
- A avaliación que fai o estudantado de TFG dos/as titores/as académicos/as.
- A valoración dos cursos/seminarios impartidos polo Centro.

Aplicanse os protocolos establecidos polo centro, nos períodos de avaliación da satisfacción dos distintos grupos de interese, para motivar a participación dos mesmos. A efectividade deste mecanismos reflíctese nos datos aportados pola SCVTI ao obter uns altos datos de participación en cada grupo de interese.

- Participación do estudantado nas enquisas de avaliación da docencia recibida: 79,92% fronte ao 61,59% do curso anterior, o que supón unha subida de 18,33 puntos e que reforza a representatividade dos valores obtidos.
- Participación do profesorado nas enquisas de avaliación da docencia impartida: 92,86% fronte ao 84,62% do curso anterior, o que supón unha subida de 8,24 puntos
- Participación do PAS nas enquisas de satisfacción: 83,33%, non hai datos do curso anterior
- Participación dos/as titores/as externos nas enquisas de satisfacción do Practicum: 53,66% fronte ao 43,04%

do curso anterior, o que supón un aumento de 10,62 puntos

A participación dos egresados na enquisa propia da EUTS tamén acada un valor alto ao situarse, no curso 2023-2024 no 85% de resposta das persoas contactadas.

As queixas e reclamacións, pódense presentar por dúas vías: a establecida pola USC e directamente no centro tanto de xeito presencial como polo [procedemento publicado](#) da nosa páxina web no apartado Buzón de queixas e suxerencias que aparece como destacado na web propia. No curso 2023-2024 non se recibiu ningunha solicitude nin no propio Centro nin a través da USC.

As suxerencias recollense a través das presentadas nos distintos órganos do SGIC, nas reunións mantidas pola dirección do centro co profesorado, estudiantado e resto de persoal.

DIRECTRIZ 2. DESEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA E MELLORA DOS PROGRAMAS FORMATIVOS

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1. Adecuación de procedementos.

O centro ten establecido distintos procedementos para un bo desenvolvemento dos programas formativos e por tanto da titulación, que derivan dos procesos establecidos no SGIC, e que se valora están funcionando de xeito adecuado.

A Comisión de Título é o órgano responsable do seguimento en canto ao cumprimento dos programas das materias, establecer os mecanismos de coordinación, análise dos datos de satisfacción dos distintos grupos de interese, así como a análise dos resultados da aprendizaxe. Isto permite detectar necesidades e puntos débiles do centro e do desenvolvemento do grao.

En aras de mellorar a coordinación entre o profesorado para o deseño dos programas formativos das materias que imparten, así como, no deseño das Guías docentes de cada unha delas, desde a coordinación de título implantouse un sistema para compartir a información a través dun One Drive na USC, que se está valorando como positivo a súa eficacia. Esta ferramenta permite que o profesorado que imparte docencia en cada curso, poda visualizar, actividades, probas e datas significativas doutras materias, que deben terse en conta, para que o estudantado poda desenvolver axeitadamente todas as materias do curso.

A súa vez, considerase que outros procedementos implantados seguen a valorarse tamén como eficaces, tales como a elaboración de documentos de referencia para o desenvolvemento académico do plan de estudos no seu conxunto:

- *A Guía para a elaboración de traballo académicos:* facilita o deseño, formato e presentación dos contidos en traballos a desenvolver en calquera das materias do grao, orientando na elaboración de referencias bibliográficas, a cita das fontes consultadas, a presentación de datos en táboas ou figuras, entre outros. Todo

esto tendo como referencia a normativa de publicación da APA, que é un garante de calidade no ámbito das ciencias sociais.

Para desenvolver de forma coordinada as funcións de titorización de prácticas externas curriculares e a elaboración do Traballo de Fin de Grao, seguen a manter unha valoración moi satisfactoria da súa eficacia os manuais respectivos, nos que participa no seu deseño, o profesorado tutor:

- O *Manual do Practicum*: ten como finalidade servir de apoio na elaboración da Memoria de Prácticas, recollendo aspectos fundamentais como procedementos e datas de referencia do desenvolvemento das practicas (sesións de titorización e mecanismos de avaliación), e pautas para a elaboración dos apartados que debe conter a Memoria.
- O *Manual do Traballo de Fin de Grao*: persegue a mesma finalidade que o anterior, server de guía ao estudantado para a elaboración do TFG. Contén orientacións para o desenvolvemento de calquera das modalidades de TFG que se poden realizar, así como datas de referencia e procedementos de avaliación e titorización.

2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

2.2.1 Memorias verificadas de Título:

O RD 822/2021 define as novas Ramas de coñecemento sendo necesario que as titulacións se vinculen a estas novas Ramas propostas. Por outra banda, o Informe de acreditación do título de grao en traballo social da EUTS, aprobado en xaneiro de 2023 recomenda modificar a memoria de título para adaptala a realidade do mesmo en canto ao número de prazas de novo ingreso e o reaxuste de actividades formativas da materia Practicum.

O 16 de outubro de 2023 recíbese comunicación de aprobación por Consello de Goberno da USC da Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de grao (entre outras).

Trala la lectura do procedemento, tanto das guías do Ministerio como da ACSUG xurde a dúbida si, ao ter que modificar a oferta de prazas de novo ingreso, a modificación e ou non substancial. Fíxose consulta ao SXOPRA e nos indican que, ao non implicar recursos humanos nin materiais (trátase de reducir, na memoria, a oferta de prazas de 90 a 80 que son as autorizadas pola Xunta de Galicia) temos que tramitar a modificación como NON SUBSTANCIAL, e que debe incorporar:

1. Ámbito de coñecemento, xunto coa vinculación das materias de Formación Básica ao ámbito elixido.
2. Axuste da oferta de prazas á oferta real dos últimos cursos (como non implica novos recursos, considérase modificación non substancial).
3. Reaxuste de actividades formativas dentro do Practicum (non cambia o número de créditos nin outras características da materia).

A Comisión de Calidade de Centro emite informe motivado, en relación á declaración de intencións para a modificación (acta do 9 de novembro de 2023) e que foi aprobado por Xunta de Centro o 21 de novembro de 2023.

A proposta de modificación non substancial aprobouse no Concello de Goberno da USC de 27 de decembro de 2023 recibíndose informe favorable da ACSUG o 23 de abril de 2024 asinado con data 01 de marzo de 2024.

Unha vez recibido o informe favorable procédese a incorporar a modificación na aplicación do Ministerio de Educación. O día 30 de abril recíbese comunicación por parte deste organismo co requirimento para a subsanación da solicitude de verificación do Grao en Trabajo Social nos seguintes termos:

“Para proseguir con la tramitación del título debe corregir los siguientes requisitos incumplidos”; Apartado 1.3 – Universidades y centros en los que se imparte – Requisitos no cumplidos: A tenor de lo establecido en el artículo 32 del Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad, el cambio en el número de plazas ofertadas se considera modificación sustancial. Por ello no puede tramitarse esta solicitud como no sustancial. Rogamos revisen y corrijan.”

Ante esta situación, contáctase co SXOPRA para ver como se enmenda este contratempo inesperado para o Centro, que foi explicitamente consultada no seu día pola dúbidas que xeraba xa que o Ministerio e a ACSUG fan unha interpretación diferente da norma. A resposta obtida desde o SXOPRA é que hai que deixar o número de prazas como está na memoria vixente (90) e telo en conta para que, cando se faga unha modificación substancial da memoria de grao se proceda a incluír esta modificación.

Para deixar documentado todo este proceso, elaborouse un informe relatando os feitos cronolóxicos desenvolvidos desde a última acreditación do ano 2022, que foi aprobado en Comisión de Título de 27 de maio de 2024.

2.2.2 Guías docentes: cumprimento de guías docentes;

Ao inicio de cada cuatrimestre, lévase a cabo unha revisión de todos es espazos que cada materia ten asignado no apartado de “Portal do estudante,” na web propia do centro. O profesor ou profesora correspondente sube a Guía docente da materia que complementa o Programa oficial da mesma, comprobando a coherencia entre ambos documentos. Previamente a Coordinadora de título, fai un recordatorio, a través do correo electrónico, a todo o profesorado de que ten que subir á páxina web a Guía docente de cada materia que imparte.

2.2.3 Coordinación: procedementos de coordinación.

A comunicación e coordinación entre as/os responsables académicos, e os distintos grupos de interese do centro (estudantado, persoal docente, persoal de administración e servizos) maniféstase coa súa participación nas reunións dos órganos colexiados establecidos para a titulación e o centro

O centro conta coas seguintes coordinacións:

- Coordinadora de Título
- Coordinadora de Practicum
- Coordinadora de TFG
- Coordinador de 1º curso
- Coordinadora de 2º curso
- Coordinadora de 3º curso
- Coordinadora de 4º curso

- Coordinadora de Curso Ponte
- Coordinadora de Programa SICUE e prácticas extracurriculares
- Coordinador de Programas de Mobilidade Internacional
- Coordinadora de A Ponte entre Ensino medio e a USC e Programa de Títulos.
- Coordinadora de Prácticas Extracurriculares
- Coordinadora titora de deportistas de alto nivel

En cada curso académico, a Coordinadora de Título elabora o Informe de Coordinación de Curso no que se recolle a actividade académica levada a cabo e ao que se incorporan os emitidos polas Coordinadoras de Practicum, Traballo de Fin de Grado e Mobilidade (nacional e internacional). O informe correspondente ao curso anterior e analizado e presentado na Comisión de Título no primeiro cuadrimestre do curso seguinte. No caso do Informe de Coordinación do curso 2023-2024 foi aprobado na Comisión de Título celebrada o 4 de decembro de 2024.

A reunión de coordinación para valorar que os programas de materias a impartir do curso 2024-2025 se axustan á Memoria do título vixente celebrouse o 27 de maio de 2024, previa a sometelos á consideración da Comisión de título celebrada o 27 de maio de 2024 e a aprobación por Xunta de Centro con data 5 de xuño de 2024

2.2.4- Perfil ingreso/egreso.

Perfil de Ingreso

Curso académico 2023-24	
Prazas ofertadas	80
Matrícula de acceso (IN03G)	84
Matrícula de acceso por preinscripción (IN04G)	82
Bacharelato	70
Formación Profesional	12
Maiores 25 anos	-
Continuación estudos (traslado)	1
Deportistas	-
Titulados/as Universitarios/as	-

Persoas con discapacidade	-
Relación de estudantes preinscritos/as en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) (IN10G)	71,25
Nota media de acceso por preinscrición (5-14) (IN06G)	8,18
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (%) (IN07G e 2502230_INF_CIUIG 2023-2024)	97,56
Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)	16,92

No curso 2023-24, cubriuse, como ven acontecendo nos últimos anos, a oferta de prazas, e ademais, vólvese producir un incremento da matrícula do estudantado preinscrito na primeira opción, (3,75 pto. Máis que no ano anterior).

En canto á nota media, pódese considerar que se mantén a cifra do curso anterior (8,18 e 8,19 respectivamente).

A maioría do estudantado que inicia o grao procede de estudos de bacharelato, como ven sendo habitual, mesmo no curso 2023-24, incrementouse en 7 pto. respecto ao anterior. Pola contra, descendeu o número de estudantes que accederon por Formación Profesional, 12 no curso 2023-24, e 19 no anterior.

Neste curso analizado, a diferenza do anterior, non se matriculou ningún polo acceso de maiores de 25 anos, deportistas, título universitario ou persoa con discapacidade.

Respecto á taxa de abandono durante o primeiro curso, aínda que se incrementou respecto ao curso anterior, pódese considerar que se sitúa nos valores do agardados segundo a tendencia que ven producíndose nos últimos anos, e concretamente no curso 2023-24 (16,92) é inferior á media da USC (17,52), e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (20,47).

Perfil de egreso

Curso 2023-24	Media Área Ciencias Sociais e Xurídicas	Media USC	Valor Grao en Traballo Social
Taxa de graduación (IN37G)	61,69	60,57	83,33
Duración media dos estudos (IN38G)	4,59	4,80	4,13

A taxa de graduación con respecto ao curso 23-24 é 22,76 ptos superiores á media da USC e a súa vez 21,64 á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Por outra, parte a duración media dos estudos segue sendo inferior a outras titulacións de grao da USC e da propia área de coñecemento, con respecto á universidade é inferior 0,67 ptos e con respecto á área 0,46.

Curso 2023-24	4º curso	Media titulación
Taxa de rendemento (IN34G)	95,73	86,88
Taxa de éxito (IN35G)	99,18	91,13
Taxa de avaliación (IN36G)	96,54	95,33
Taxa de idoneidade na graduación (IN51G)	66,67	-

A taxa de rendemento do estudantado de 4º curso que egresou no 2023-24, foi superior en 8,85 ptos á media de todo o grao (95,73 e 86,88 respectivamente). O mesmo acontece coa taxa de éxito do estudantado de 4º curso, respecto aos outros, supera tamén a media en 8,05 ptos (99,18 a de 4º curso, e 91,13 toda a titulación). A menor diferenza entre 4º curso e os tres anteriores, acontece na taxa de avaliación, que aínda sendo superior a de 4º curso, so hai unha variación de 1,21 ptos. Respecto á media da titulación (96,54 e 95,33 respectivamente).

Respecto á taxa de idoneidade na graduación, que é a porcentaxe de estudantes que remataron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos, no curso 2023-24 (66,67), descendeu en 7,57 ptos. respecto ao curso anterior (74,24).

2.2.5 Resultados da aprendizaxe:

Para a análise dos resultados de aprendizaxe previstos son fundamentais tres indicadores: a taxa de rendemento, a taxa de éxito e a taxa de graduación.

Os datos destes indicadores correspondentes ao curso 2023-24, mostran uns resultados que seguen a valorarse como satisfactorios, continuando coa tendencia mostrada nos últimos anos.

Comezando coa a taxa de rendemento (IN34G), que fai referencia á relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que se superan e o número total de créditos ordinarios nos que se se matriculan, as cifras mostran que é superior a acadada neste centro (86,88), que ás medias da USC (81,65) e da área de Ciencias Sociais e Xurídicas (81,31)

A diferenza entre a taxa de rendemento da EUTS, é de 5 ptos. respecto ás medias da USC e da área mencionada.

Tendo en conta a tipoloxía das materias, é superior as medias acadadas no curso 2023-2024, que no anterior. Ao respecto, nas materias de formación básica (87,70), a media é superior en 5,97 ptos.,; nas materias obrigatorias (88,96), a media é superior en 1,48 ptos.; e nas materias optativas (95,87), a media é superior en 7,56 ptos.

Os valores das taxas de rendemento por curso, no ano académico obxecto da memoria, son superiores en 3º e 4º curso, que nos anteriores

A taxa de éxito da titulación (91,13) é superior á media da USC que é 88,09 e supera tamén en 3,05 ptos a media da área de Ciencias Sociais e Xurídicas (87,63). Tendo en conta a tipoloxía das materias no respecto da formación básica no curso 2023-24, ao igual que nos anteriores supera o 85%. No caso das materias obrigatorias supera o 90% (92,69%). Por último, a taxa de éxito das materias optativas roza o 100% nos últimos cursos, no curso 2023-24 (97,97%).

A taxa de graduación, que fai referencia á porcentaxe de estudantado, que rematou a titulación no prazo especificado no plan de estudos, correspondente ao curso 2023-2024, é de 83,33%. A mais alta dos últimos 6 anos, e superior á media da USC (60,57), e tamén superior á media da rea de ciencias sociais e xurídicas (61,69).

2.2.6 Satisfacción da Titulación.

No curso 2023-2024 (IN46G), o valor medio acadado respecto á satisfacción do estudantado coa docencia recibida, é exactamente igual que o do curso anterior: 4,16. O cal mostra a continuidade na satisfacción do estudantado coa docencia recibida, nos últimos 6 anos.

Por outra parte a media do centro (4,16) é superior á área de ciencias sociais e xurídicas (4,03), lixeiramente superior á media da USC (4,13).

En canto á taxa de resposta do estudantado coa docencia recibida acadou no 2023-2024, o valor mais alto dos últimos 6 cursos, 79,92. Cunha diferenza respecto ao curso anterior de 18,73 ptos. Este dato reforza o valor estatístico da taxas que se calcula, neste senso, destacar a da avaliación da satisfacción co profesorado das materias, 4,12.

Por último, como valor significativo de referencia, en canto á satisfacción coa titulación, cabe destacar, que a media de satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas do curso 2023-2024, é superior ao curso anterior en 0,16 ptos. (5,55 e 4,39 respectivamente). Ademais, en todos os aspectos valorados polos/as titores/as profesionais, os valores acadados son superiores ao curso 2022-2023.

Directriz 3. GARANTÍA DA APRENDIZAXE, ENSINANZA E AVALIACIÓN CENTRADOS NO ALUMNADO

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

3.1. Normativas.

O centro ten a vocación de ter actualizadas as normativas de elaboración propia, conforme ao marco regulador xeral da USC, na procura de contar con procedementos que garantan a aprendizaxe, ensinanza e avaliación do estudantado. As normativas propias do centro son:

- Regulamento para cambio de grupo
- Procedemento para dispensa de asistencia, control de asistencia e xustificación de faltas
- Regulamento de Practicum
- Regulamento de TFG
- Regulamento de Biblioteca
- Regulamento da Aula de Informática

O Catálogo de validacións desde ciclos formativos está a disposición do público en xeral na web do centro no apartado [Estudantes>Recoñecemento de créditos](#), e con acceso directo desde o apartado [Estudantes de Novo Ingreso](#).

A guía académica da titulación, que se actualiza e publica en cada curso académico, pode descargarse na páxina web do Centro en [Outros>Guía Académica](#) e tamén a través do apartado de Destacados. A Guía ofrece ao estudantado información de interese relativa á organización, normas, calendarios de exames e outras cuestións relevantes para o desenvolvemento académico dos estudos.

3.2. Admisión do alumnado (accións de captación).

A EUTS participa activamente nas iniciativas postas en marcha pola USC para a difusión de información da titulación, e organiza actividades de difusión propias.

>Difusión do Programa A Ponte

O Programa A Ponte é a principal canle de captación de estudantado no que participa o centro, a través das actividades Encontro na Zona USC. No curso 2023-24 recibíuse a visita de 451 persoas procedentes de diferentes centros educativos de ensino medio de Galicia, ao longo de catro días (do 30 de xaneiro ata o 2 de febreiro). Participouse, un ano máis, nos Encontros Virtuais celebrados do 21 ao 26 de marzo de 2024, cadrando un dos días no período de Semana Santa para facilitarlle a información ao estudatando interesado. Por outra banda, as Xornadas de portas abertas: coñece a USC celebráronse desde o 13 ao 15 de xuño para acoller ás familias e ao estudando.

>Difusión propia do centro:

- Contactos telefónicos con todos os centros de ensino medio de Galicia para dar a coñecer a titulación: Fixéronse 583 chamadas e enviáronse correos electrónicos a 273 centros.
- Participación en feiras de estudos e de profesións: No curso 2023-24 participouse en sete eventos de orientación de estudos cun posto informativo e impartindo charlas sobre a titulación. Atendéronse a 256 persoas.
- Visitas recibidas no Centro por potenciais estudantes: A través da actividade "[Solicita unha visita ao Centro](#)", acolleuse a seis estudantes no Centro cunha visita guiada dunha hora de duración (como media).

3.3. Complementos formativos

A sesión de presentación da guía de elaboración de traballos académicos, considerado Curso Cero na Memoria de título, dirixida ao estudantado de 1º curso, celebrouse, o 13 de setembro do 2023. Esta formación, considerada básica e transversal, reforza as competencias que debe adquirir o estudantado de grao e ampliouse, no curso 2023-24, con sesións dirixidas a estudantado de 2º, 3º e 4º.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

A Xornada de acollida que se celebra anualmente dirixida ao estudantado de novo ingreso está deseñada para transmitir toda a información relevante sobre o centro e a USC. Celébrase o primeiro día do docencia, coa participación do equipo directivo, coordinador e profesorado de 1º curso, PAS....

Todo o profesorado ten programadas semanalmente dúas horas de atención ao estudantado (preferentemente unha en horario de mañán e outra de tarde, sempre que sexa posible). O estudantado ten a posibilidade de facer as consultas necesarias a través do correo electrónico co profesorado.

Os coordinadores de programas de intercambio, tanto a nivel nacional como internacional, difunden as convocatorias dos programas respectivos e atenden as consultas e dúbidas que lle xurden ao estudantado. Toda a información deste programas está publicada nun apartado específico para os [programas de mobilidade](#) da web propia do centro.

O persoal de administración atenden as consultas, dúbidas etc., tanto de xeito presencial como por teléfono ou correo electrónico, en horario de mañán e tarde de luns a xoves, e de mañán os vernos.

Dirixido ao estudantado que remata estudos, cada curso académico organizase unha sesión sobre protección de datos de carácter persoal e outra sesión de información de cursos de posgrao e/ou máster que poidan ser do seu interese. Estas xornadas están organizadas pola Coordinadora de Título.

Cada curso académico a EUTS publica na súa web unha Guía Académica completa do curso na que se inclúe toda a información académica de relevancia para o estudante, nun único arquivo (regulamentos, normativas, horarios, calendarios de exames, horarios de atención ao estudantado, programas de mobilidade, contactos, etc)

Co obxecto de reforzar a relación do alumnado con profesionais de distintos campos da área da acción social, finalizouse a acción de mellora proposta que consistiu na organización dunha Xornada na que, profesionais de entidades colaboradoras para a realización de prácticas de 4º curso, co apoio do estudantado que estaba na entidade, deran a coñecer o seu centro ao resto do estudantado da EUTS. Un espazo de encontro directo entre as entidades e o estudantado que foi valorado moi positivamente tanto polas entidades/institucións participantes como polo estudantado e profesorado do Centro.

No curso 2023-2024, ningún/ha estudante solicitou o plan de acción tutorial.

3.5. *Mobilidade.*

A EUTS participa nos programas de mobilidade a través da USC, SICUE, ERASMUS e Convenios Bilaterais fundamentalmente.

O plan de melloras para o curso 2023-2024 incluíu, entre as accións de mellora a AM-4 coa que se pretende detectar as causas da baixa participación do estudantado nos programas de mobilidade internacional a través dunha enquisa propia que se administrou do 18 ao 31 de xuño ao estudantado de 4º curso. Das 83 persoas contactadas respostaron 21, o que supón o 25,3% da poboación obxecto de estudo.

A modo de resumo dos datos obtidos nesta enquisa, podemos afirmar que os programas de mobilidade que se desenvolven na EUTS son altamente coñecidos entre os/as seus estudantes. En torno ao 95% das persoas que responderon ao cuestionario din coñecelos. Mesmo 2/3 dos mesmos coñecen a algunha persoa que participou nalgún dos programas, e a valoración que se realiza sobre o grao de difusión que se proporciona desde a EUTS é positiva.

Os principais motivos que frean a participación do estudantado serían o medo a perder o ritmo académico (38,1%) ou o custo económico da experiencia (26,6%). Só o 14,3% afirma que a oferta de destinos é escasa

As conclusións desta enquisa van na liña que a EUTS ten indicado en cursos anteriores; o feito de que as competencias en materia de Servizos Sociais, Sanitarios, e de Política Social estean transferidas ás Comunidades Autónomas e cunha organización e deseño diferente, incluso entre distintas Comunidades de España (a distribución e organización xeográfica, por exemplo e moi diferente entre o norte e o sur do país) fai que o estudantado prefira cursar os seus estudos integramente en Galicia ou, como moito, nalgunha Universidade española. A maioría do noso estudantado realiza a mobilidade en 3º curso e é a mobilidade nacional a máis demanda.

Actualmente a EUTS ten asinado convenios SICUE con 14 universidades españolas ofertando un total de 28 prazas cada curso académico. No curso 2023-2024 solicitaron participar no programa 15 estudantes dos que finalizaron o proceso e asinaron convenio para a realización da estancia 6 estudantes. A demanda de participación neste programa é significativa, máis só un 40% do estudantado admitido chegou a completar o proceso e incorporarse na Universidade de destino.

Con respecto ao programa ERASMUS, temos asinado convenio con 6 universidades europeas ofertando un total de 13 prazas. No curso 2023-2024 só solicitaron asignación dúas estudantes pero unha non foi admitida por no acreditar o idioma no prazo establecido. O mesmo número de persoas participaron na Convocatoria de Convenios Bilaterais da USC.

Fíxose un importante esforzo para incrementar os convenios Erasmus con países de fala inglesa. A saída de Reino Unido do programa ERASMUS e a sobrecarga de solicitudes recibidas pola Universidades de Irlanda e Malta, impediron

conseguir a sinatura de novos convenios. As Universidades contactadas foron Cardiff University, National University of Ireland, Maynooth University, University College of Cork (Irlanda), University of Essex, University of Birmingham,

Con respecto a estudiantado de mobilidade entrante, a porcentaxe de estudantes recibidos sobre o total de matriculados foi de 1,59% sendo a máis alta en relación aos dous cursos académicos anteriores (0,91% e 0,32%). A maioría do estudiantado recibido é tamén a través do programa SICUE. No curso 2023-2024 recibimos a 4 estudantes SICUE con estancia para todo o curso académico.

No programa ERASMUS recibíronse a 5 estudantes entrantes do programa pero con acordo para outros estudos da USC no que incluíron algunha materia a cursar na EUTS e, a través dos Convenios Bilaterais, recibimos a 1 estudante no 1º cuatrimestre do curso.

3.6. Metodoloxía de ensinanza

Tal e como se indica na Memoria do Título, a ensinanza do Grao en Traballo Social da EU de Traballo Social de Santiago de Compostela é presencial. A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas e titorías en grupos reducidos con asistencia presencial, e o traballo persoal do/a estudante.

Todas as materias teñen un mínimo de porcentaxe correspondente ao traballo do estudiantado que se puntúa e computa na avaliación continua. As materias cun carácter máis práctico a porcentaxe de avaliación continua está entorno ao 40%. Respecto ao sistema de avaliación por exame, dentro das materias contéplase nas modalidades diferentes como por exemplo probas sen apuntamentos, probas con apuntamentos, probas de casos prácticos entre outros. En resumo, o sistema de avaliación adáptase a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe implantada nos títulos de Grao e revísase anualmente nas programacións académicas previstas para o curso seguinte, concretamente, no curso 2023-24 respecto a avaliación continua e coa finalidade de potenciar ou reforzar a asistencia e participación do estudiantado nas aulas, incorporáronse aspectos na avaliación relativos á puntuación por asistencia ou esixencia dun mínimo de asistencia para optar a probas parciais.

Respecto as necesidades específicas de aprendizaxe no momento que se recibe comunicación por parte da USC o profesorado implicado adapta a súa metodoloxía as necesidades do estudiantado.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

O sistema de avaliación da aprendizaxe garante a valoración das modalidades de ensinanza nos títulos de grao, que se basea na avaliación da aprendizaxe mediante exame e a avaliación das actividades que conforman a avaliación continua. As porcentaxes de puntuación de cada parte, axústanse ás establecidas na Memoria do título, para cada materia. Isto se comproba anualmente, por parte do/as coordinador/as de curso e a coordinadora de título, na revisión dos programas das materias do seguinte curso académico.

A súa vez, a xustificación das faltas de asistencia, e a dispensa de asistencia a clase, axústanse tamén ao regulado pola normativa da USC, respecto da que se fai un control periódico para manter actualizados ditos procedementos.

3.8. Prácticas externas.

Os/as estudantes que se matricularon no Practicum, no curso 2023-2024 foron 68. Un non realizou prácticas; e dos e das 67, 4 as levaron a cabo no primeiro cuatrimestre, e 63 no segundo.

Ofertáronse un total de 224 prazas de prácticas, o que supón unha ratio de 3,34 por cada estudante.

A satisfacción do estudiantado é de 4,46 de media, e aínda que algo inferior á do curso anterior (0,33 pts. menos), segue sendo superior ás medias das enquisas realizadas nos cursos anteriores (2018-2019 e 2020-2021). Así como a súa vez, supera a media de satisfacción cos estudos.

En canto á valoración media dos/as titores/as externas dos centros onde o estudiantado realizou prácticas, segue a ter un valor alto, superior á do curso anterior en 0,16 pts. Ademais, por outra parte, a valoración media das titoras académicas, 4,81, segue a considerarse elevada.

Se se calcula a media de satisfacción global dos tres colectivos implicados (estudantado, titores/as externos/as e titoras académicas), obtense unha media de 4,6. Puntuación que se valora como altamente satisfactoria e moi relevante de cara a satisfacción xeral coa titulación.

Respecto aos convenios de prácticas, no curso 2023-2024, renováronse 9 e asináronse 13 convenios novos, o que supón 17 convenios máis que no curso 2022-2023. Isto mostra o interese e esforzo do centro, en ampliar a diversidade da oferta de prazas de prácticas externas, nas que o estudantado poda desenvolver o Practicum, tratando de posibilitar que as realice no seu campo de preferencia.

Ningún estudante realizou prácticas extracurriculares no curso 2023-2024.

3.9. Traballos fin de grao.

No curso 2023-2024 matriculáronse no Traballo de Fin de Grao 73 estudantes dos e das cales defenderon o seu traballo 64. Do total de defensas, 5 celebráronse na convocatoria de febreiro, 46 en xuño-xullo e 13 en setembro.

O estudantado que desenvolveu o TFG foi titorizado por 8 titores/as. A presentación e defensa do TFG realizouse de forma presencial. Respecto ás dúas modalidades de presentación e defensa, a maioría foi ante titor/a (4 na convocatoria de febreiro, 40 na de xuño-xullo e 13 na de setembro). Só ante tribunal o fixeron 7 persoas (1 na convocatoria de febreiro, e 6 na convocatoria de xuño-xullo). Non reuniron condicións para a súa defensa ou ben non se presentaron para a obtención do informe favorable do/a titor/a: 9.

Cualificación	Febreiro		Xuño-Xullo		Setembro	
	N	%	N	%	N	%
Matrícula Honra	-	-	1	2,2	-	-
Sobresaliente	1	20,0	2	4,4	-	-
Notable	3	60,0	40	86,9	7	53,8
Aprobado	1	20,0	3	6,5	6	46,2
Suspense	-	-	-	-	-	-
TOTAL	5	100,0	46	100,0	13	100,0

En canto a avaliación as cualificacións do curso 2023-24 son as seguintes: unha matrícula na oportunidade de xullo, 3 sobresalientes nas oportunidades de febreiro e xullo, e 50 notables e 10 aprobados entre as tres oportunidades.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

As taxas de éxito, rendemento e avaliación son valores de relevancia para a análise dos resultados da aprendizaxe. A taxa de éxito do curso 2023-2024, incrementouse en 0,85 pts. respecto ao ano anterior (91,13 e 90,28 respectivamente). Supera tamén a media da USC (88,09) e da Área de ciencias sociais e xurídicas (87,63). A taxa de rendemento do curso 2023-2024, é practicamente igual que a do curso anterior, 86,88 e 86,98 respectivamente. Ademais volve a ser superior á da USC (81,65) e á da Área de ciencias sociais e xurídicas (81,31).

En canto á taxa de avaliación, reproduce as anteriores, en canto que supera á media da USC, e da área correspondente: 95,33 a do centro; 92,69 a da USC, e 92,79 a da área mencionada. Ademais coincide coa taxa de rendemento en ser moi similares ás do curso anterior, só 1,01 pts. por debaixo

3.11. Satisfacción do Alumnado.

A taxa de satisfacción é un dos valores máis significativos desde a perspectiva do estudantado. Ao respecto os valores acadados polo centro, seguen a mostrar, un ano máis, resultados por riba de 4. No curso 2023-2024, prodúcese ademais, unha coincidencia exacta coa cifra do ano anterior: 4,16.

Os tres aspectos valorados con máis puntuación son: o cumprimento co programa e plan de traballo previsto (4,39), a explicación do programa da materia e criterios de avaliación (4,35) e a resolución de dúbidas por diferentes canles (4,32). O valor máis baixo é o de satisfacción global co/a profesor/a da materia.

En canto á taxa de resposta nas enquisas de avaliación, o valor acadado no curso 2023-2024, é o máis alto dos últimos 6 anos (79,92), o que supón un incremento de 18,73 ptos. respecto ao curso anterior

Non curso obxecto desta memoria, non se recibiu por ningunha das canles habilitadas para tal fin, queixas ou suxestións por parte de ningún dos grupos de interese.

DIRECTRIZ 4. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DOS RECURSOS HUMANOS

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.1. Persoal académico

4.1.1. Suficiencia e adecuación

A Memoria de verificación do título recolle as características do profesorado tendo en conta a adicación e a posesión do título de doutor/a (curso 2016-17). Respecto da adicación o 40% do persoal académico tiña adicación a tempo completo e o 60% a tempo parcial. Así mesmo, o 46,6% estaba en posesión do título de doutor/a. Na memoria expónse un plan de apoio co obxectivo de mellorar esta situación. No curso 2023-24 o persoal académico ten adicación a tempo completo no 76,9% dos casos e posúen o título de doutor/a o 69,2%, dato que chega ata o 70% no caso do persoal académico a tempo completo. Isto é produto do esforzo do persoal apoiado pola política de flexibilidade do centro co persoal en proceso de elaboración ou defensa da súa tese, así como da política de reposición e contratación levada a cabo pola entidade nos últimos anos.

Con respecto á experiencia docente, o 61,5% alcanza ou supera os 25 anos de docencia na titulación.

4.1.2. Tipoloxía do profesorado

O 69,2% do persoal académico posúe unha dobre titulación, é dicir, son titulados en Traballo Social con outra titulación engadida, dato que acadada, no caso das persoas con adicación completa, o 90%.

Por cursos, o 83,3% do profesorado que imparte docencia, en 1º curso son doutores/as e o 66,7% teñen adicación completa, cunha media de 13 anos de docencia na titulación.

En todos os casos a persoa encargada dunha materia imparte tanto a docencia expositiva como a interactiva.

En canto as materias optativas de titulación, o 75% das persoas encargadas da docencia son doutores/as, o 87,5% son titulados en Traballo Social e tamén o 87,5% contan con adicación a tempo completo.

En canto ás prácticas curriculares, todo o profesorado titor/a posúe o título en Traballo Social, sendo este un requisito do centro para a titorización de prácticas. O 58% posúe o título de doutor/a, cunha media de 25,5 anos de docencia na titulación.

Respecto ao profesorado titor dos Traballo de Fin de Grao, o 77,8% está titulado en Traballo Social e posúe o título de doutor/a, cunha media de 11,5 anos de docencia na titulación.

4.1.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo

En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a media acadada é a mesma que no curso 2022-23, 4,5 aínda que cunha mellora na participación, que acada o 92,86% (84,62% no curso 2022-23). Todos os ítems acadan un valor mínimo de 4.

En canto á satisfacción coa titulación, o valor global está lixeiramente por debaixo do obtido no curso anterior (4,11 fronte ó 4,15), sendo os ítems peor valorados os que fan referencia á asistencia regular ás clases (2,5) e a implicación do estudiantado na titulación (2,75).

No que se refire á contorna do traballo, as valoracións numéricas son en xeral boas, aínda que si se ten recollido a demanda de máis espazos individuais (despachos), para os/as docentes, circunstancia que non é posible na localización actual da titulación.

4.1.4. Formación do profesorado e mobilidade

O centro oferta cada ano académico un curso de formación dirixido ao profesorado e tamén ás persoas que exercen como titores/as externos/as de prácticas.

Os cursos de formación nos que participou o profesorado da EUTS son os seguintes:

- Curso "Lei 8/2021: valoración da súa aplicación xudicial" (xuño 2023, asisten 6 profesoras. Organizado e financiado pola EUTS).
- Curso básico en APRENDIZAXE-SERVIZO (migrantes) [ApS(m)] para profesorado universitario (xuño 2023, 1 profesora, curso da USC).
- Curso sobre o software para Análisis de Datos Cualitativos MAXQDA (xullo 2023, asisten 7 profesores/as. Organizado e financiado pola EUTS).
- Curso "Diseño, Gestión y Evaluación de Proyectos Sociales" (maio 2024, 1 profesora, organizado polo Colexio Profesional de Traballo Social de Huelva).
- "Creación de rutas 360 para la docencia" (maio 2024, 1 profesora, curso da UDC).
- Curso "El poder de la imagen: Introducción al Visual Thinking en educación" (maio-xuño 2024, 1 profesora, curso da UDC).
- Curso "Tecnologías digitales accesibles para la inclusión educativa" (xullo 2024, 1 profesora, curso da UDC).

Ningún/ha docente participou no curso 2023-24 en programas de mobilidade.

4.1.5. Actividade investigadora

No curso 2023-24 a actividade investigadora do persoal académico da EUTS foi a seguinte. Os compromisos asumidos en relación con esta dimensión da actividade académica, deron como froito unha produción moi superior a acadada en cursos anteriores:

ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS

- XXX Congreso anual Asociación La mirada de las Mujeres en Servicios Sociales (outubro 2023, 1 profesora, asistente, organizado pola Asociación estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais).
- II Congreso internacional de buenas prácticas en inclusión social (novembro 2023, 1 profesora, asistente, UNED).
- "Aprendizaje servicio en la materia de trabajo social con mayores" (novembro-décembro 2023, 1 profesora, comunicación, organizado por UNAL).
- "Pensando fuera de la caja: Metodologías participativas en la enseñanza-aprendizaje del trabajo social" (novembro-décembro 2023, 1 profesora, ponencia invitada, organizado por UNAL).
- "Fanzines: descubriendo a las precursoras del trabajo social" (novembro-décembro 2023, 1 profesora, póster, organizado por UNAL).
- II Congreso Estatal de Mediación Intercultural (décembro 2023, 1 profesora, asistente, organizado por UNAF).
- "El sistema educativo y la importancia de la incorporación de las trabajadoras sociales". (abril 2024, 1 profesora,

comunicación, V Congreso Internacional de Trabajo Social).

- “Transformando el aprendizaje en el Trabajo Social: una exploración sobre los métodos educativos”. (abril 2024, 3 profesoras, comunicación, V Congreso Internacional de Trabajo Social).
- “El sistema educativo y la importancia de la incorporación de las trabajadoras sociales”. (abril 2024, 1 profesoras, comunicación, V Congreso Internacional de Trabajo Social).
- “El reto de educar para la transición eco-social y la justicia ecológica en Trabajo social. El caso de la Universidad de Vigo” (abril 2024, 1 profesoras, comunicación, V Congreso Internacional de Trabajo Social).
- “El compromiso político de las/os profesionales del Trabajo Social: ¿una tarea pendiente?” (abril 2024, 1 profesoras, comunicación, V Congreso Internacional de Trabajo Social).
- “Experiencias en grupo como innovación en la docencia universitaria” (abril 2024, 1 profesoras, póster, V Congreso Internacional de Trabajo Social).
- “The role of values priorities in children’s preferences for resource distribution norms - equality, need and merit” (xúño 2024, 1 profesora, comunicación, 27th Biennial Meeting of the International Society for the Study of Behavioural Development)

PUBLICACIÓNS

- Sexismo institucional en campañas contra la violencia machista en galicia: deconstruyendo resistencias narrativas” (novembro 2023, artigo revista Vivat Academia. Revista de Comunicación).
- “Brecha de género en la etapa educativa de Formación Profesional: Una revisión sistemática del contexto español” (decembro 2023, artigo revista Educare).
- “Violencia simbólica en las campañas contra la trata, una forma de sexismo institucional” (decembro 2023, Capítulo libro ed. Dykinson).
- “Machismo 2.0: neomitos misóginos en la manosfera” (decembro 2023, Capítulo libro ed. Dykinson).
- “Acuerparse desde los márgenes. Análisis del #orgullo loco desde una perspectiva feminista” (decembro 2023, Capítulo libro ed. Dykinson).
- “Trabajo social, nuevas tecnologías y educación en el ámbito digital” (decembro 2023, Capítulo libro ed. Aranzadi).
- “La educación interprofesional en el desarrollo de la identidad profesional en terapia ocupacional: una revisión de alcance” (2023, artigo, revista Cadernos Brasileiros de Terapia Ocupacional).
- “Análisis de los transfeminicidios a partir de la prensa nacional y regional mexicana” (2023, artigo, revista Health and Addictions/Salud y drogas).
- “Liderado e apoderamento de mulleres líderes comunitarias: un estudo socioeducativo no municipio de Yumbo-Colombia” (xaneiro 2024, artigo, revista Fervenzas).
- Coping and self-care: Mediating the association of job stressors with vicarious trauma and vicarious resilience” (xaneiro 2024, artigo, revista Journal of Social Work).
- “El Enfoque Basado en los Derechos Humanos: posibilidades para el Trabajo Social” (2024, capítulo del libro Publicado en el Libro: Tratado General de Trabajo Social, Servicios Sociales y Política Social. Tomo I. Trabajo Social Editorial: Tirant Lo Blanch).
- “Los Piropos Online: ¿Qué Piensan Las Chicas Que Reciben Comentarios Sexuales A Sus Publicaciones En Redes Sociales?” (2024, capítulo del libro Los derechos de las mujeres en la sociedad digital Editorial: Dykinson).
- “Del Amor Al Odio En Exparejas De Adolescentes: El Sexting Y La Pornovenganza” (2024, capítulo del libro Los derechos de las mujeres en la sociedad digital Editorial: Dykinson).
- “A Menopausia. Un novo rexurdir” (2024, libro, Andavira).

INVESTIGACIÓN

- PROYECTO EUNIWEFF-WEFF “Afrontamento do coidado en coidadores de familiares de persoas maiores con enfermidades graves: un estudo transcultural” (LONGCROSSCARE). (2024, 7 profesores/as).
- Investigadora do proxecto para desenvolver actuacións de apoio e asesoramento para a implementación de instrumentos de avaliación de proxectos orientados a promover a inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social, en concreto, do Programa PARTICIPA (2023- CL038) do Grupo de investigación de

pedagogía social e educación ambiental, SEPA-Interea. USC).

4.1.6. Detección de necesidades de persoal académico

Tal e como se espuxo na Memoria de Calidade do Curso 2022-23 desde o centro séguese a avanzar no cumprimento dos valores establecidos no Decreto 822/2021 de xeito que a ratio acade os/as 25 estudantes por profesor/a a tempo completo. Con esta finalidade, ademais da contratación dunha profesora a tempo completo motivada pola reposición dunha xubilación, ampliouse a adicación a tempo completo dunha profesora que viña prestando os seus servizos a tempo parcial. A raíz desta política de contratación, a ratio vén mellorando nos últimos cursos académicos, pasando de 34,5 no curso 2021-22 ao 31,5 no 2022-23 e ao 30,6 no 2023-24.

4.2 Persoal de apoio

A EUTS, adscrita á USC, non contempla a figura de persoal de apoio á docencia. Este apartado refírese ao persoal de administración e servizos, dado que hai persoal asignado a tarefas de xestión de apoio ás materias Practicum e TFG.

4.2.1. Suficiencia e adecuación

As 6 persoas que configuran o cadro do persoal de apoio á docencia teñen as seguintes categorías: unha persoa con categoría de persoal administrativo de nivel directivo, tres con categoría de xefe de sección (dúas asignadas a administración e unha a biblioteca), unha con categoría de axudante de biblioteca e unha con categoría de auxiliar administrativo/a.

Considérase que o persoal de administración e servizos é suficiente e o seu nivel de cualificación acorde coas previsións incluídas na memoria verificada.

4.2.2. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

Na xestión que se está levando a cabo de cara á participación do persoal da EUTS nos programas formativos propios da universidade, inclúese a necesidade de que dito acordo/convenio contemple tamén ao persoal de apoio e servizos.

4.2.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo

A satisfacción media do persoal de apoio á docencia co seu traballo vén mellorando nos últimos cursos, pasando dun 3,64 no curso 2022-23 a un 4 no curso 2023-24. As suxestións feitas á Dirección respecto dos horarios foron atendidas, sin rexistrarse outras queixas/suxestións.

A satisfacción coas accións formativas acadou unha valoración de 7,98 sobre 10.

Os aspectos mellor valorados son a accesibilidade (4,31), a comunicación entre o persoal da unidade e os/as usuarios/as (4,23) e coñecemento das funcións e responsabilidades (4,12). Os aspectos menos valorados son a coordinación con outras unidades da universidade (3,5), as condicións do posto de traballo (3,88) e ás condicións laborais (3,88).

4.2.4. Detección de necesidades do persoal de apoio á docencia

As dimensións do centro, que alberga unha única titulación, garantizan unha comunicación fluída no que respecta á comunicación/detección de necesidades. Ademais disto, cúbrese unha vez ao mes unha solicitude de material/recursos necesarios para o desenvolvemento do traballo, tanto por parte do persoal docente como do persoal de apoio á docencia, sin que se establezan restricións previas á demanda. Esta solicitude é asinada pola Dirección e tramitada polo propio persoal de apoio á docencia.

DIRECTRIZ 5. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

5.1. Calidade nos recursos materiais e servizos

A Escola Universitaria de Traballo Social ocupa unha superficie total aproximada de 1.800 m² distribuídos nunha única planta no edificio San Martín Pinario. O carácter histórico e cultural do edificio, que foi declarado Ben de Interese Cultural, implica a existencia de certos problemas de accesibilidade, respecto ós que a EUTS intentou levar a cabo acción que non foron autorizadas por patrimonio. Na actualidade o edificio conta cun Plan Director que contempla a construción dun ascensor que dé servizo ás institucións que ocupan a fachada principal, aínda que sin data de execución establecida.

Considérase que os espazos ocupados pola EUTS son suficientes e axeitados para garantir a calidade da docencia do grao, única titulación que se imparte. Na actualidade conta cunha aula de 120 prazas, dúas aulas de 110 prazas, unha aula de 60 prazas e unha aula de 40 prazas. Ademais, o Centro pon a disposición do estudantado un seminario ou sala de estudo con capacidade para 42 persoas (que pode utilizarse tamén como aula en función das necesidades docentes), unha sala de lectura con mesas de traballo en grupo con 45 postos, anexa á biblioteca, e unha aula de informática con 20 postos.

Todas as aulas están equipadas con ordenador e canón proxector e fíxose un esforzo importante por ir renovando a tecnoloxía e o mobiliario das aulas. Todo o centro dispón de rede wifi con fibra óptica.

Biblioteca: A longa traxectoria da EUTS permite dispor dun amplo fondo bibliográfico, que conta coas principais obras de referencia da disciplina e as diferentes novidades que o profesorado solicita para as súas materias, así como as revistas máis consultadas no ámbito da disciplina. Ao comezar o curso 2023-24 (setembro) nos fondos da biblioteca se encontran

depositados un total de 13.641 volumes. Mensualmente, o persoal da biblioteca achega un correo electrónico ao profesorado coas novidades incorporadas. Esta mesma información faise chegar ao alumnado a través da páxina web do centro.

A valoración obtida no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, obtén para este apartado unha valoración B (o estándar correspondente ao criterio obtense completamente) sen que a Comisión propoña nin estableza recomendacións ao respecto.

No que respecta o mantemento dos recursos materiais e servizos, a xestión resulta áxil nas súas diferentes dimensións que se canalizan ben a través do Arzobispado (infraestructuras e mantemento das condicións de uso e servizos), xerencia da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais (equipamento de continuidade) e Dirección do centro (recepción e canalización de necesidades).

5.2. Orientación académica e programa de acollida

O Centro participa no Programa A Ponte que inclúe o Programa de Tutores, que reciben formación específica por parte da USC. No curso 2023-24 cubríronse as catro prazas asignadas no programa. Ademais do apoio proporcionado polo alumnado participante no programa, o persoal de secretaría, administración e profesorado facilitan información e orientación académica. Tamén se dispón dun folleto propio sobre o centro e a titulación, un folleto específico sobre o servizo de Biblioteca e a Guía Académica da titulación, de acceso a través da web do centro.

Na web propia (www.euts.es) e baixo a denominación “Solicita unha visita para coñecer o noso centro”, pode solicitarse unha visita concertada para ser atendido/a persoalmente. A persoa ten a posibilidade de coñecer as instalacións e ó profesorado no que teña interese. Explicásele o Plan de Estudos, as prácticas profesionais, o Traballo de Fin de Grao, acceso a becas oficiais e axudas propias, pagos a realizar no Centro, etc..

Lévanse a cabo as adaptacións específicas necesarias para apoiar ao alumnado con discapacidade. Ditas adaptacións coordínanse co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e conforme aos protocolos publicados polo mesmo. Facilitase, ao alumnado de 4º matriculado en TFG, Practicum ou ambos o Manual para o Practicum e o Manual de Traballo de Fin de Grao en Traballo Social, que abordan tanto os aspectos de procedemento como metodolóxicos, calendarización, etc. Desde 2018 organízase unha sesión informativa sobre colexiación e saídas profesionais, coa colaboración do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. Contase na web propia un espazo para recén egresados e postitulados no que se ofrece información sobre a figura profesional e datos sobre inserción laboral dos egresados.

5.3. Xestión Académica

Como no resto das titulacións propias da USC, a xestión académica de expedientes, certificados, tramitación de solicitudes de validacións, actas etc está centralizado, no caso da EUTS, na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte UXA Norte.

Desde o Centro oríntase ao alumnado cando ten dúbidas sobre estes procedementos e na web propia contan cun apartado de Preguntas Frecuentes (FAQs) no que se da resposta a como é o proceso de moitas das solicitudes que poidan plantexar.

Tamén se responde, de xeito áxil, calquera consulta ou dúbida tanto por teléfono como a través do correo electrónico.

5.4. Programas de acollida

En canto á acollida dos/as estudantes de novo ingreso, o primeiro día lectivo do curso o equipo directivo xunto coa Coordinadora de Título, o/a Coordinador/a de 1º, profesorado, representantes do persoal de administración e servizos e representantes do alumnado titor, participaron na Xornada de Acollida. Facilitouse información sobre diferentes aspectos

en relación á universidade e ó centro (itinerario formativo, procedementos, instancias, etc.).

5.5. Prácticas externas

No curso 2023-2024 dos/as 68 estudantes matriculados no Practicum, realizaron as prácticas externas 67, 4 no primeiro cuatrimestre e 63 no segundo. Un estudante matriculado na materia non presentou a documentación para a asignación de praza e non as realizou. Ofertáronse en total 224 prazas de prácticas, o que representa unha ratio de 3.34 prazas por estudante. Ningún estudante realizou prácticas académicas extracurriculares no curso 2023-2024.

A satisfacción media do estudantado coas prácticas externas foi de 4,46 sobre 5, sendo o segundo valor máis alto nos últimos 5 anos. Dos nove ítems valorados, destacan con 4,80 “A duración das prácticas foi adecuada” e con 4,70 “As instalacións e os medios materiais cos que se contou na institución foron adecuados” e “A atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da institución foi adecuada”. Os dous ítems con valoración máis baixa, pero ambos por encima de 4 puntos foron “As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da carreira” e “As actividades desenvolvidas na institución cumpriron as expectativas do/da alumno/a” cun 4,20 cada unha.

A valoración media que fan os e as titores/as externos alcanza, no curso 23-24 o 4,55 sobre 5 e a das titoras académicas 4,81 sobre 5.

No curso 2022-2023 publicouse a nova normativa sobre a Seguridade Social que afecta ao estudantado que realiza prácticas externas e que entra en vigor a partires do 1 de xaneiro de 2024 polo que o estudantado que realiza as prácticas no segundo cuatrimestre do curso é o primeiro ao que se lle aplica esta nova normativa.

No curso 2023-2024 **desenvolvese a normativa que regula na USC as prácticas académicas externas** do estudantado coa seguinte cronoloxía:

Con data **12 de setembro de 2023**, a USC publica a Resolución reitoral pola que se establece o réxime de inclusión da Seguridade Social e a cotización do estudantado da Universidade de Santiago de Compostela que realice prácticas externas. Nesta resolución establécese ademais que é necesario determinar os efectos que o RDL 2/2023 ten nos convenios vixentes e, así mesmo, establecer as obrigas respecto ao novos convenios que se poidan subscribir. Resolve que a USC asumirá as obrigas derivadas da inclusión no sistema de Seguridade Social do estudantado que realice prácticas e que, nos convenios subscritos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024 e que manteñan a súa vixencia despois da data indicada, a USC atenderá as obrigas derivadas da inclusión no sistema de Seguridade Social das prácticas académicas non remuneradas. Indica ademais que, a petición das entidades, pódese formalizar unha addenda ao convenio no que figure este compromiso e que, os novos convenios deberán contemplar expresamente este compromiso.

En **outubro de 2023**, o SXOPRA comunica que non se poden asinar máis prórrogas ao convenios que caducan a partir dese momento, porque están a elaborar un novo modelo de convenio e de addenda polo que, a partir dese momento haberá que renovar os convenios que caducan e facelo xa co novo modelo. Esta situación supuxo a paralización, tanto da xestión das prórrogas como do establecemento de posibles novos convenios ata ter o modelo marco actualizado.

Por outra banda, recibimos comunicación non oficial de que os centros adscritos á USC quedábanos excluídos da resolución reitoral coa que a USC asume a xestión e pago da Seguridade Social do estudantado. Faise consulta ao SXOPRA que nos confirma dita información. Esta situación provoca a necesidade de adaptar o novo modelo marco de convenios da USC a esta circunstancia ao ter que contemplar que será a *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales* e non a USC a responsable deste aspecto en relación ao noso estudantado, o que supuxo un novo parón na xestión de convenios ata ter ese novo “modelo adaptado” que non foi remitido desde a USC ata o **mes de decembro de 2024**. E a partir desde momento cando se empezan a xestionar novamente convenios e óptase por priorizar a renovación daqueles que estaban próximos a caducar (en lugar de asinar addenda e prórroga), co novo modelo.

En **xaneiro de 2024**, a USC publica a resolución reitoral 03/01/2024 pola que se modifica a resolución reitoral de 12/09/2023 pola que se establece o réxime de inclusión na Seguridade Social e cotización do estudantado da USC que

realice prácticas externas. Esta resolución reitoral ven provocada pola publicación do Criterio 11/2023. Ampliación 3ª. Consultas relativas á aplicación da disposición adicional quincuagésima segunda do RDL 8/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da *Ley General de la Seguridad Social por parte da Dirección General de Ordenación de la Seguridad Social, da Secretaría do Ministerio de Inlcusión, Seguridad Social y Migraciones*. En esta publicación, a propósito dunha consulta sobre a inclusión do estudiantado de prácticas extracurriculares non remuneradas, recóllese o seguinte *“como resulta fácil deducir, las prácticas extracurriculares, en tanto son de carácter voluntario y no forman parte del Plan de estudios, no pueden considerarse dirigidas a la obtención de las titulaciones que relacionar la letra a) del apartado 1 de la disposición quincuagésima segunda, por lo que su realización no permite el alta en el “Régimen General como asimilados a trabajadores por cuenta ajena al amparo de dicha disposición”*.

Tendo isto en conta, a Resolución reitoral resolve modificar os puntos primeiro e segundo da RR de 12/09/2023 eliminando a cotización por parte da USC (e, no noso caso, da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*) das prácticas extracurriculares non remuneradas.

A raíz da publicación desta Resolución Reitoral, decídese excluír, do novo modelo de convenio propio deste centro, as prácticas extracurriculares.

No mes de **febreiro de 2024**, a USC publica unha nova Resolución reitoral 06/02/2024 pola que se establece o réxime de inclusión na Seguridade Social e Cotización do estudiantado da USC que realice prácticas académicas externas. Nela, no contexto da Cuarta ampliación do Criterio 11/2023 sobre a aplicación da disposición adicional quincuagésima segunda do RDL 8/2015 na que se produce unha viraxe interpretativa en virtude da cal se chega á conclusión de que as prácticas extracurriculares universitarias susceptible de incorporarse ao Suplemento Europeo ao Título e autorizadas previamente polo centro de formación deben considerarse incluídas no ámbito de aplicación da disposición adicional quincuaxésima segunda do TRLXSS, a USC avala a opción primixenia da Universidade, disciplinada na Resolución reitoral de 12/09/2023 na que a Universidade asumía a cotización por prácticas curriculares e extracurriculares non remuneradas.

A inclusión da alta do estudiantado de prácticas fai necesario a renovación do modelo para o establecemento de convenios de colaboración para as prácticas. En setembro de 2023 xestionouse a renovación de dúas prórrogas. A partires de outubro de 2023, a falta dese novo modelo de convenio, impediu a posibilidade de xestionar novos convenios ou renovacións dos mesmos ata o mes de decembro de 2023, mes no que se asinou unha renovación. Co novo modelo adaptado ás particularidades da EUTS, a partires de febreiro de 2024 optouse por renovar convenio en lugar de asinar prórroga para todos aqueles que expiraban.

Así, no curso 2023-2024 negociouse a sinatura de convenio (novos ou renovacións) con 45 institucións e concluíuse o proceso coa **sinatura de 35 convenios**; 14 da provincia de A Coruña, 3 da provincia de Lugo, 1 da provincia de Ourense, 5 da provincia de Pontevedra, e 12 de ámbito autonómico. Adheríronse 5 concellos ao convenio da FEGAMP (todos eles promovidos pola EUTS) e asinouuse unha addenda a un convenio en vigor. Dos 35 convenios asinados, 19 son renovacións, 13 son novos convenios, dous son prórrogas de convenios en vigor e 1 addenda. A 31 de xullo de 2024 a EUTS ten un total de **180 convenios vixentes** para a realización das prácticas externas.

5.5. Satisfacción cos recursos e servizos

Tanto a media da satisfacción cos recursos educativos dispoñibles no centro como en relación ás infraestruturas e materiais vén mellorando nos últimos cursos académicos. No primeiro caso (recursos educativos dispoñibles) a valoración da satisfacción pasou dun 3 no curso 2021/22 a un 3,25 no 2022-23 e un 3,47 no 2023-24. No segundo caso (satisfacción coas infraestruturas e recursos materiais) a media pasou dun 2,25 no 2021-22 a un 2,38 no 2022-23 e un 2,84 no 2023-24.

DIRECTRIZ 6. INFORMACIÓN PÚBLICA

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

6.1. Recollida, análise e utilización da información.

A información utilizada para realizar a análise que permite avaliar a calidade do centro procede, maioritariamente, dos datos aportados pola SCVTI da USC, xunto á recollida desde o propio centro. Os documentos propios que recolle a evolución de cada curso académico son, ademais da Memoria de actividades da Fundación Santiago Apostol de Ciencias Sociales (que se elabora por ano natural e que por tanto recolle a información de 2º cuatrimestre dun curso e do 1º cuatrimestre do curso inmediatamente seguinte), informes de coordinación (de título, practicum, TFG), enquisas de avaliación propias para o practicum e TFG, enquisa propia ao estudantado de novo ingreso no que se fai especial fincapé en obtención de datos sobre cómo coñeceron o noso centro e valoración da información previa recibida, enquisa propia anual aos egresados dos dous últimos anos académicos para obter datos directos en canto a inserción laboral e formación continua tralo grado, etc. Os datos obtidos nestes informes/enquisas propios, son analizados nos distintos órganos contemplados no SGIC, e o seu resultado divúlgase nas actas da comisión na que foron analizados, no informe de coordinación e na Memoria da Fundación, que posteriormente fanse públicas [na web propia do centro](#).

6.2. Publicación da información

A análise global de cada curso académico é de acceso libre na web do centro, no apartado de [Sistema de Garantía Interna de Calidade](#), onde se poden consultar:

- Manual SGIC do Centro (cos correspondentes informes e certificado da ACSUG)
- Plan estratéxico vixente
- Memorias anuais de calidade (desde curso 2015-2016)
- Informes de renovación da acreditación (anos 2016 e 2022)
- Autoinformes de seguimento do Grao en Trabajo Social (desde curso 2010-2011, ano de implantación do Grao).
- Relación de convenios de prácticas vixentes
- Memorias Académicas e de Actividades da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales (desde o ano 2015)
- Accións de Mellora – Plans de Mellora (desde curso 2015-2016)

A información para os distintos grupos de interese, incluídos os potenciais futuros estudantes, está accesible na web propia do centro. A información que pode conter datos de carácter persoal pode ser consultada con chave que é facilitada cada curso tanto ao estudantado como aos docentes e resto do persoal, (actas de reunións de distintos órganos, resolución das ausencias a clase xustificadas, resolución de axudas da Fundación...)

Ademais da [web propia](#), a [web da USC](#) é tamén outra vía de difusión, con vinculación entre ambas. Na web da USC atópase información xeral do título no apartado “centros”, máis a web propia é máis completa e é actualizada de maneira

frecuente en función de convocatorias diversas e actividades que xurden.

Séguese empregando os taboleiros do centro para divulgar cuestións de tipo académico. Para a difusión de cuestións urxentes, ou de relevancia empréganse ás listaxes de correo electrónico dos distintos grupos de interese.

Calquera persoa que acuda ao centro solicitando información, faga unha consulta telefónica, ou por correo electrónico vai ser atendida por parte do personal de Administración e servizos en horario de mañá e de tarde (de luns a xoves) e o venres en horario de mañá.

Para cando é preciso axilizar a intercomunicación, tense creados grupos de wahtsApp entre a dirección do centro e todo o persoal, entre ás titoras académicas do practicum, ou entre os/as titores/as dos TFG.

Na Xornada de acollida e presentación ao alumnado de novo ingreso, a dirección do centro, coordinadores/as e persoal de biblioteca, dan a coñecer o centro, a guía académica dixital que publica a EUTS cada curso académico, a web e os servizos, así como calendario académico, axudas da Fundación titular do centro, programas de mobilidade...

O centro conta cun díptico propio con información da titulación que se difundiu a 273 centros de ensino medio de Galicia a través do correo electrónico, e que se pon a disposición das persoas interesadas nas feiras sobre ensino universitario nas que se participa (4 no curso 2023-2024), nas xornadas de orientación sobre estudos superiores (participouse en 3 xornadas no curso 2023-2024) e que se pode descargar no apartado novas da web propia.

Ofrécese a posibilidade de solicitar unha visita para coñecer o centro (a través da web propia ou por teléfono), e foron demandadas 6 no curso 2023-2024.

Considérase que a información da titulación e do centro e divulgada suficientemente para achegala aos distintos grupos de interese.

6.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Para valorar a eficacia dos mecanismos utilizados para a información pública, unha das ferramentas utilizadas é a enquisa anual ao estudantado do novo ingreso. Na enquisa realizada no curso 2023-2024, o 95,8% do estudantado participante indica que non tivo dificultades para acadar información sobre o centro.

Maioritariamente indican que as principais canles de coñecemento dos estudos foi Internet (por iniciativa propia) cun 37,6% e a través de familiares cun 27,7%, quedando en valores moi baixos as visitas aos centros organizadas pola USC (2,7%) e os stands sobre a titulación que representa só un 1,9%.

Estos resultados fortalecen a aposta realizada desde o Centro pola información clara, actualizada e fácil de localizar, a través da web propia e da atención telefónica que se fai desde o Negociado a futuros/as estudantes pero tamén a familiares dos mesmos.

En relación aos demais grupos de interese, e segundo os datos aportados desde a SCVTI da USC, a satisfacción do profesorado coa información recibida sobre a titulación sitúase nun 4,63 sobre 5.

Con respecto á satisfacción do estudantado que realizou prácticas no curso 2023-2024 sobre a información recibida do procedemento de prácticas, foi de 4,5 sobre 5, e a valoración dos/as titores/as externos acadou o valor de 4,37. Non hai datos analizables dos egresados no período.

Se nos atemos aos datos anteriormente expostos pódese considerar que os procedementos establecidos para achegar a información pública aos grupos de interese son idóneos e funcionan de xeito adecuado.

3 Plan de Melloras do centro DO CURSO 2023-2024

Obxectivo a conseguir: Potenciar actividade investigadora do profesorado			
Responsable do obxectivo: Dirección do Centro		Data inicio: 01/09/2023	Data fin: 31/07/2025
Liña estratéxica relacionada	Liña 2.- Posta en valor da excelencia docente		
Procesos clave relacionados	PS-01 Xestión de recursos humanos		
Indicador/es de medición	Documentación acreditativa, abstract, memoria de actividades da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais	Meta a conseguir	Publicación de, polo menos 1 artigo en revista de impacto e 1 comunicación/poster en Congresos relacionados coa disciplina
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-1, AM-1.1; AM 1.2		

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Informe Final de Avaliación de renovación da acreditación 2022	Fortalecer a capacidade investigadora do profesorado	Parcialmente executada	Dirección do Centro	31/07/2025	NO
AM-1.1	Informe Final de Avaliación de renovación da acreditación 2022	Formar equipo de docentes que participe nalgún proxecto de investigación e xerar polo menos, un artigo admitido en revistas de impacto no ámbito da disciplina	Executada	Dirección do Centro	31/07/2025	SI
AM-1.2	Informe Final de Avaliación de renovación da acreditación 2022	Presentación de, polo menos, 1 comunicación/poster de cada docente a tempo completo, en Congresos relacionados coa disciplina	Parcialmente executada	Dirección do Centro	31/07/2025	NO

Obxectivo a conseguir: Visibilizar a vinculación e relación entre o ámbito académico e o profesional/laboral.

Responsable do obxectivo: Dirección do Centro e Coordinadoras de Título e Practicum

Data inicio: 01/10/2024

Data fin: 31/07/2024

Liña estratéxica relacionada

Liña 6.- Compromiso e implicación cos axentes sociais

Procesos clave relacionados

PS-06 Información pública

Indicador/es de medición

Evidencias documentais, actas da
Comisión Título, Informe de
Coordinación

Meta a conseguir

Crear un espazo de encontro entre
formación académica e mundo
profesional/laboral

Accións de mellora relacionadas (Código)

AM-2

LISTAXE DE ACCIÓN

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-2	Análise dos datos obtidos SGIC	Organizar unha Xornada coa participación de entidades colaboradoras do Practicum e o alumnado de 4º curso en prácticas, para achegar o mundo profesional ao estudantado	Finalizada	Dirección do Centro Coordinadora de Título Coordinadora de Practicum	31/07/2024	SI

 	MEMORIA DE CALIDADE CURSO 2023-2024 ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL
	Páxina 40 de 53

Obxectivo a conseguir: Incremento gradual do profesorado a tempo completo

Responsable do obxectivo: Directora da EUTS

Data inicio: 01/02/2022

Data fin: 01/02/2026

Liña estratéxica relacionada

Liña 2.- Posta en valor da excelencia docente

Procesos clave relacionados

PS-01 Xestión dos Recursos Humanos

Indicador/es de medición

Valor da ratio de alumnado por profesor a tempo completo

Meta a conseguir

Adaptación progresiva da ratio de alumnado por profesor a tempo completo indicada na normativa

Accións de mellora relacionadas (Código)

AM-3

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-3	Plan de Melloras da Acreditación	Incremento gradual do profesorado a tempo completo comenzando polo curso 2022-2023	Activa	Directora EUTS	01/02/2026	NO

 	MEMORIA DE CALIDADE CURSO 2023-2024 ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABAJO SOCIAL
	Páxina 41 de 53

Obxectivo a conseguir: Identificar as causas da baixa participación do alumnado en programas de mobilidade internacional			
Responsable do obxectivo: Coordinador de Mobilidade Internacional		Data inicio: 01/01/2024	Data fin: 31/07/2024
Liña estratéxica relacionada	Liña 1.- Desenvolvemento da formación do estudantado		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición	Número de enquisas cuberta por número alumnado matriculado en 4º curso	Meta a conseguir	Administrar enquisa
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-4		

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-4	Informe de Acreditación 2022	Administración da enquisa elaborada para coñecer as causas da baixa participación do alumnado en programas de mobilidade internacional, dixida ao alumnado de 4º curso, e analizar a información obtida para o deseño, se procede, de accións de mellora	Finalizada	Coordinador de Mobilidade Internacional	31/07/2024	SI

 	MEMORIA DE CALIDADE CURSO 2023-2024 ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL
	Páxina 42 de 53

PARA O CURSO 2024-2025

Obxectivo a conseguir: Distribución máis homoxénea na matrícula das materias optativas			
Responsable do obxectivo: Coordinadora de Título		Data inicio: febreiro 2025	Data fin: xullo 2026
Obxectivo estratéxico relacionado	OE 2.2 – Reforzar a coordinación entre as materias que se imparte en la titulación		
Procesos clave relacionados	PC-06 Tutoría e orientación ao estudante		
Indicador/es de medición	Reunións preparatorias do profesorado Actividades informativas realizadas	Meta a conseguir	Unha distribución máis equitativa na matrícula das materias optativas
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-1, AM 1.1 e AM 1.2		

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM -1	Informe de seguimento	Difusión dos contidos da oferta de optatividade	Activa	Coordinadora de Título	Xullo de 2026	
AM-1.1	Informe de seguimento	Establecer a metodoloxía do proceso, coa implicación do profesorado das materias optativas, no curso 2024-2025	Activa	Coordinadora de Título	Xullo de 2026	
AM-2.2	Informe de seguimento	Implementación da actividade proxectada, no curso 2025-2026	Activa	Coordinadora de Título	Xullo de 2026	

Obxectivo a conseguir: Deseño dun novo folleto informativo sobre a titulación

Responsable do obxectivo: Responsable na EUTS do Programa A Ponte

Data inicio: febreiro 2025

Data fin: xullo 2026

Obxectivo estratéxico relacionado

OE 5.1 – Actualizar as canles de información pública

Procesos clave relacionados

PC05 – Captación de estudantes na USC
PS06 – Información Pública

Indicador/es de medición

Folleto editado

Meta a conseguir

Facilitar a comprensión da
información contida no folleto
divulgativo

Accións de mellora relacionadas

(Código)

AM-2

LISTAXE DE ACCIÓN

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-2	Informe de seguimento	Deseño dun novo folleto informativo con información esencial da titulación é un QR á web para ampliar a mesma	Activo	Coordinadora de Título	Xullo 2026	

ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS PARA CURSO 2024-2025

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos e Directriz 3: Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Trala revisión da oferta para a elaboración do PDA, detectouse a concentración da matrícula en poucas materias optativas. Das 11 materias optativas ofertadas, 4 materias alcanzan unha matrícula moi alta, cunha media de 51 matrículas, fronte a 13 matrículas de media nas 4 optativas con menor demanda
Definición/ descrición proposta	Difusión dos contidos da oferta de optatividade. As accións a desenvolver son: - AM-1.1 - Establecer a metodoloxía do proceso coa implicación do profesorado das materias optativas, no curso 2024-2025 - AM-1.2- Implementación da actividade proxectada no curso 2025-2026 Os indicadores propostos son: - Número de reunións preparatorias do profesorado - Actividades informativas realizadas
Datas	Finalización: xullo 2026; Inicio: febreiro 2025
Estado/Eficacia	Estado: Aberta; Eficacia : Eficaz/Non eficaz; Data Estado:
Responsables	Coordinadora de Título e Coordinadores/as de curso
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-2
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3: Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado e Directriz 6: Información pública
Análise causa	O folleto actual, pensado para a súa consulta na web, contén moita información para ser utilizado nas feiras e charlas divulgativas sobre a titulación.
Definición/ descrición proposta	Deseño dun novo folleto informativo con información esencial da titulación e un QR á web para ampliar a mesma. As accións a desenvolver son: - Deseño e elaboración do folleto Indicador: - Folleto editado
Datas	Finalización: xullo 2026; Inicio: febreiro 2025
Estado/Eficacia	Estado: Aberta; Eficacia : Eficaz/Non eficaz; Data Estado:
Responsables	Representante da EUTS no Programa A Ponte e Coordinadora de Título
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

4 Modificacións nos diferentes títulos

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS: GRAO EN TRABAJO SOCIAL

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Aprobación pola Xunta de Centro, da declaración de intencións para modificación non substancial da Memoria do Título (23 de novembro de 2023)	As modificacións propostas nos apartados 2 e 3 emanan das recomendacións do informe de acreditación aprobado en xaneiro de 2023. A número 1 emana do RD 822/2021. 1. Ámbito de coñecemento, xunto coa vinculación das materias de Formación Básica ao ámbito electo. 2. Axuste da oferta de prazas á oferta real dos últimos cursos (como non implica novos recursos, considérase modificación non substancial). 3. Reaxuste de actividades formativas dentro do Practicum (non cambia o número de créditos nin outras características da materia).
Consello de Goberno da USC – Aprobación Modificación non substancial Memoria Título	Aprobado o 27 de decembro de 2023
Informe favorable ACSUG	Informe de data 01 de marzo de 2024
Requerimento de subsanación da solicitude de verificación (30 abril 2024)	Recíbese, por parte do Ministerio de Educación, a seguinte mensaxe: <i>“Para proseguir con la tramitación del título debe corregir los siguientes requisitos incumplidos”; Apartado 1.3 – Universidades y centros en los que se imparte – Requisitos no cumplidos: A tenor de lo establecido en el artículo 32 del Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad, el cambio en el número de plazas ofertadas se considera modificación sustancial. Por ello no puede tramitarse esta solicitud como no sustancial. Rogamos revisen y corrijan”.</i> Por iso, non se modifica o número de prazas ma MVT ata que se proceda a unha modificación substancial da mesma.
Alta dunha docente a tempo completo setembro 2023	Contratación dunha nova docente a tempo completo
Alta dunha docente a tempo parcial	Contratación dunha nova docente a tempo parcial

Setembro 2023	
Baixa dunha docente a tempo completo outubro 2023	Xubilación
Baixa dunha docente a tempo completo xaneiro 2024	A petición propia, causa baixa como docente no centro
Alta dunha docente a tempo completo febreiro 2024	Contratación dunha nova docente a tempo completo
A materia G3171341 Traballo Social no ámbito da Educación ofertase só para o curso 23-24	Pola baixa demanda da matrícula desta optativa, non se oferta para o curso 23-24
A materia G3171446 Tecnoloxías da Información e a Comunicación en Servizos Sociais	Activase esta materia optativa en substitución da materia que non se oferta, para manter 66 créditos optativos (11 materias) ofertadas no curso de referencia.

5 Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG Memoria Grao en Traballo Social - Páxina web propia
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3 Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Portal do Estudiante
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Carpeta E5 - Actas comisións
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	E6- Relación de convalidacións
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502230_P.Ind_2023-2024
			2502230_INF.16_2023-2024
			2502230_INF.CiUG_2023-2024

1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502230_P.Ind_2023-2024
			2502230_INF.03_2023-2024
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Páxina Institucional do Centro
			Páxina institucional do Título
			Páxina propia da EUTS
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Documentación SGC páxina institucional
			Documentación SGC páxina propia
1	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Sistema Garantía Interna Calidade - Páxina Propia
			Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	PDF-Informe de Coordinación do Título en carpeta E11
			Accións de mellora
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3 Actas e informes en Carpeta E5
Todas	I4		2502230_P.Ind_2023-2024

		Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502230_INF.04_2023-2024
			2502230_INF.07_2023-2024
			2502230_INF.08_PLN.TCNT.PRC TUM.GRAO.RD_20072023-2024
			2502230_INF.13_2023-2024
			2502230_INF.14_2023-2024
			5419_INF.21_2023-2024
			2502230_INF.22_2023-2024
			2502230_INF.23_2023-2024
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502230_P.Ind_2023-2024
			2502230_MedUSC_2023-2024
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502230_E15_2023-2024 PDFs en carpeta E15- POD do curso
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4 Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	Memoria, Directriz 4
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	Memoria, Directriz 4
4	I8		2502230_INF.13_2023-2024

		Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502230_INF.14_2023-2024
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5419_I10_2023-2024
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Recursos materiais Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Presentación do Centro e acollida estudiantado Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales PDF – Carpeta E11 - Informe de coordinación do Título
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Convenios Vixentes Convocatoria e Oferta Practicum 22-23 en carpeta E-20 (1º e 2º cuatrimestre)
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	PDF en carpeta I11-Practicum-distribución estudiantado Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales Memorias Practicum por curso académico – Taboleiro Virtual
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual USC Portal do estudante – páxina web propia

2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF en carpeta E24 TFG defendidos por ano académico - Taboleiro Virtual
2,3	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502230_INF.15_2023-2024
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502230_P.Ind_2023-2024
			2502230_INF.17_2023-2024
			2502230_INF.18_2023-2024
			2502230_INF.19_2023-2024
			2502230_EIL_SIIU_2023-2024
			2502230_MedUSC_2023-2024
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502230_P.Ind_2023-2024
			2502230_INF.CiUG_2023-2024
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	2502230_EIL-SIIU_2023-2024
			2502230_EIL-ACSUG_2023-2024
			PDF – Informe propio 2024_egresados – (elaboración propia)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	2502230_P.Ind_2023-2024